

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019301	CPI de San Vicente	A Baña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	4º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

A programación que se expón a continuación ten como referencia o decreto 155/2022 do 15 de setembro do 2022, que establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e pretende guiar a práctica docente para o alumnado do 4º nivel do CPI de San Vicente de A Baña, durante o ano académico 2023-2024, na materia de Ciencias da Natureza.

O cuarto nivel de educación primaria, conta con 13 alumnos. O 84,61% do alumnado, acadou unha avaliación positiva nesta materia o curso pasado.

A lingua predominante da maioría do alumnado é o galego, factor favorable nesta materia que se imparte en lingua galega, aínda que cabe dicir que unha alumna (procedente de Marrocos) e un alumno (procedente de Portugal), se incorporaron o curso pasado ao noso sistema educativo, e polo tanto, teñen dificultades para comprender e expresarse, tanto oralmente como por escrito nesta lingua.

A área de Ciencias Naturais, concíbese como unha área cuxo principal obxectivo é que as nenas e os nenos se volvan activos, responsables e respectuosos co mundo en que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sostible.

O alumnado entenderá a ciencia como un proceso de investigación, a través da observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses, como base do método científico e eixo central da área, tratando así de dar resposta aos principais problemas dunha sociedade globalizada, e tendo en conta o rápido desenvolvemento e o progreso científico-tecnolóxico.

Propiciarase o desenvolvemento cognitivo e emocional dos alumnos, facilitando o descubrimento activo a través da formulación de preguntas, a procura de información de diferentes fontes seguras e confiables e a realización de experimentos de investigación relacionados cos diferentes elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

A situación do centro, un colexio rural do interior da provincia da Coruña, permitiranos aproveitar os recursos que nos ofrece a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de monte, ríos, as instalacións do mesmo, como é o caso do horto escolar, o laboratorio ou aula de polos creativos.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e coescentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As persoas somos seres vivos	Características principais dos seres vivos, centrándonos sobre todo nas persoas (como é o noso corpo por dentro e por fóra, como crecemos e cambiamos, e como debemos coidalo para que actúe correctamente).	25	20	X		
2	As tres funcións vitais	Coñecer o significado das tres funcións vitais, a importancia dos nosos sentidos para explorar a nosa contorna e aprender sobre o mundo. Analizar e comprender como se desenvolven as persoas con discapacidade. Saber que órganos e aparatos están implicados na función de nutrición, relación e reprodución.	25	20	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A saúde	A importancia da saúde física, mental e social. Alimentos e hábitos saudables. Alimentos segundo orixe e función. Diferencia entre alimento e nutriente. Valorar a importancia do exercicio físico para ter unha vida saudable. Enfermidades máis importantes derivadas de malos hábitos alimenticios e posturas inadecuadas.	20	10		X	
4	Máquinas e tecnoloxía por todas partes	A importancia das máquinas e da tecnoloxía para a vida diaria das persoas. Desigualdade social no mundo para acceder a elas, e o seu significado.	20	10			X
5	Navegamos por internet	Utilidades e evolución de internet. Coñecer os principais riscos de navegar por internet. Uso da internet de maneira segura e respetuosa. Coñecer e investigar sobre mulleres que destacaron no campo da informática.	10	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As persoas somos seres vivos	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións.	PE	60
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os principais órganos e aparellos implicados nas funcións vitais.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a búsqueda de información.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia nas distintas tarefas e proxectos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	As tres funcións vitais	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer a morfoloxía interna e externa do corpo, identificando os principais aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	PE	60
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada ou en equipo.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura para a búsqueda de información.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia na realización das distintas tarefas e proxectos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais, etc.).</li> <li>- Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna.</li> <li>- Importancia da función de nutrición para o ser humano e identificación dos aparellos relacionados con ela (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor).</li> <li>- Sistema nervioso e o aparello locomotor. Os ósos, as articulacións e os músculos. Hábitos de hixiene postural nas súas actividades diarias.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A saúde	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Practicar hábitos de vida saudable.	PE	60
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co mundo natural, en fontes seguras.		
CA3.4 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Mostrar hábitos de vida sustentable.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír, en equipo, de forma guiada, un produto final sinxelo, usando os materiais adecuados.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia na realización das distintas tarefas e proxectos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais.</li> <li>- Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima.</li> <li>- Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual.</li> <li>- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Importancia da calidade do aire e auga da nosa contorna.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> </ul>



**Contidos**

- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
4	Máquinas e tecnoloxía por todas partes	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Utilizar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características do medio natural.	PE	60
CA3.3 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Identificar a relación da vida das persoas coas súas accións sobre o medio ambiente.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados, de maneira guiada ou en equipo.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.	Recoñecer diferentes formas de produción da calor e os seus efectos.		
CA3.4 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Mostrar hábitos de vida sustentable		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, proponendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír, en equipo, de forma guiada, un produto final sinxelo, usando os materiais axeitados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar un produto final, explicando os pasos seguidos.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia na realización das distintas tarefas e proxectos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Cambios reversibles e irreversibles que experimenta a materia desde un estado inicial a un final para recoñecer os procesos e transformacións que ocorren na materia en situacións da vida cotiá.</li> <li>- Características e propiedades da calor. Materiais condutores e illantes, instrumentos de medición e aplicacións na vida cotiá.</li> <li>- Forzas de contacto e a distancia. Efecto sobre os obxectos dependendo do seu tamaño, masa e forma.</li> <li>- Máquinas simples, o seu efecto sobre as forzas e aplicacións na natureza e usos na vida cotiá. Planificación e montaxe dalgunha máquina de construción sinxela.</li> <li>- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Importancia da calidade do aire e auga da nosa contorna.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.</li> <li>- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.</li> <li>- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Navegamos por internet	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co mundo natural, en fontes seguras.	PE	60
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación.	TI	40
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar os proxectos e explicar os pasos seguidos.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver problemas de programación.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia na realización das distintas tarefas e proxectos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).</li> </ul>

## Contidos

- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados?) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
  - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.
  - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
  - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar os contidos e criterios de avaliación das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para acadar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e da súa contorna máis próxima, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, na unidade 1 " Os seres vivos", afondaremos no coñecemento do medio natural e exploraremos a nosa contorna identificando os reinos nos que se clasifican os seres vivos, coñecendo as súas características principais.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Así, o acceso ao horto do concello da Baña e a aula de polos creativos, permitiranos traballar diversos aspectos das unidades 1, 3 e 4.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (hábitos e alimentos saudables, enfermidades derivadas de malos hábitos alimenticios, desigualdade social polo non acceso ás máquinas, uso abusivo das tecnoloxías, ...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. O cal se porá en práctica nas unidades 3 e 4 e 5 coa creación de máquinas e aparatos sinxelos (catapulta e fonendoscopia).

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través

do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno, lapis, bolígrafo azul e vermello, lapis de cores, archivador, folios, cartolinas, probeta, vasos medidores e láminas de apoio visual.
Encerado dixital e ordenador con diferentes programas de software libre.
Aula virtual do centro con distintos recursos (vídeos, fichas interactivas)
Libro dixital e en papel; enciclopedias online.
Horto escolar.
Aula de polos creativos.
Biblioteca escolar (consulta de libros temáticos).
Laboratorio.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa. O alumnado deberá traer, coidar e facerse responsable do seu material no día a día para poder levar a cabo as distintas actividades e proxectos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso, ou ao inicio de cada unidade didáctica. O obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área.

Esta avaliación inicial, farase mediante unhas probas orais e escritas, para establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral e de cada alumno/a en particular, para saber o nivel de partida real deste curso. Cómpre saber que sabe, e sabe facer o alumnado, máis tamén a súa motivación, a atención, o interese, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as ciencias, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...); tamén é de especial interese a información que nos aportarán os informes individualizados do curso anterior, memoria de fin de curso, as entrevistas coas familias, e sobre todo a información aportada polo equipo docente do curso anterior.

A partir dos datos obtidos do citado anteriormente, tratarase de identificar de existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos/as para poder adaptar o proceso de ensino aprendizaxe ás características do grupo-clase e de todos e cada un dos seus membros, poñendo especial enfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias o máis pronto que nos sexa posible, en coordinación co equipo docente e o departamento de orientación, cando ademais do reforzo e atención individualizada do titor/a, se requira de persoal docente adicional.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	<b>40</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

En cada unidade didáctica faremos unha proba escrita na que se avaliarán un ou varios CA (segundo indicamos no apartado 3), e mediante táboas de indicadores ou rúbricas nas que valoraremos os seus traballos e proxectos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. A proba escrita terá un peso do 60%, e a táboa de indicadores o 40%.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre.

No caso de obter un número decimal na cualificacións, aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

\* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

\* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7).

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

### Criterios de recuperación:

A avaliación durante a etapa de Educación Primaria é continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe, feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Para as situacións en que algún dos contidos e CA non sexan adquiridos polo alumnado, segundo os datos das táboas de indicadores e probas escritas, pode ser necesario retomar parte ou toda a unidade didáctica e traballala con outra metodoloxía.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación:

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 50% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 50%.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso, realizaranse actividades, tarefas e proxectos a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo, actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión, e actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida. Programaranse tamén xogos/actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detención temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan pronto como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase reforzo educativo coa finalidade de que este ou esta, adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao perceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican contidos e tarefas.

No caso de alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio de curso ou ao longo do curso solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase reforzo educativo para eles, e traballarase na comunicación sobre todo a través de imaxes.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño, tipos de letra, priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación oral, escrita, visual e/ou táctil... Modificaranse polo tanto, se fora preciso, tempos, materiais, recursos didácticos, espazos,...para que o alumno/a progrese no proceso de ensino-aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - A comprensión oral e escrita, a expresión oral e escrita e a comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X
ET.4 - A igualdade entre mulleres e homes e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.			X		
ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X
ET.6 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.7 - A prevención e resolución pacífica de conflitos, a educación para a paz e o rexeitamento da violencia.		X	X		
ET.8 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X
ET.9 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X

### Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente. Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. As Ciencias da Natureza serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

A maioría dos elementos transversais, estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas mentres que o 4 e o 7 serán traballadas en unidades didácticas concretas e, dun xeito especial, a través das conmemoracións do Día internacional da Muller e da Paz.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no horto escolar	Asistirase unha sesión mensual dunha hora e media para traballar contidos como alimentación saudable, os seres vivos...	X	X	X
Saídas á contorna máis próxima	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.		X	X
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...		X	X
Charlas informativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller	X	X	X

#### Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais. Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso. O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi funcional a programación?
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Elaboráronse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adaptáronse as probas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Préstouse atención aos elementos transversais plantexados?
Aproveitáronse todos os recursos dos que dispón o centro?
Aproveitáronse todos os recursos que nos ofrece a contorna?
Medidas de atención á diversidade
Ofrecéuselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informouse ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas, actividades e probas?
Informouse ao alumnado e ás familias dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Cal foi o grado de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe?

### Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización da PAT ou diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## 9. Outros apartados